



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Galega 1		Código	613G02002
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lourenzo Modia, Cilla		Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es
Profesorado	López Viñas, Xoan Lourenzo Modia, Cilla		Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es cilla.lourenzo.modia@udc.es
Web				
Descripción xeral	<p>Esta materia céntrase no estudo descriptivo e instrumental da lingua galega, así como na elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos e de calquera época. Perséguense que o/a estudiante coñeza a situación en que se encontra o galego na sociedade actual e que entenda o feito lingüístico como unha realidade pluridimensional.</p> <p>Alén disto, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo, e integrar o labor académico no noso contexto social e cultural.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2	



Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.	A4		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Dominar a gramática da lingua galega.	A21		
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.	A23		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega.	A25		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.	B1		
Adquirir capacidade de autoformación.	B3		
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.	B4		
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.	B5		
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	B6		
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.	B7		
Apreciar a diversidade.	B8		
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.	B9		
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.	B10		
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.	C2		
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.	C4		
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		

Contidos

Temas	Subtemas
1. Caracterización do galego	1.1. Posición do sistema lingüístico galego-portugués nas linguas románicas 1.2. Plurilingüismo e diversidade lingüística. A perspectiva ecolingüística
2. A planificación do status	2.1. Diglosia e conflito lingüístico 2.2. O galego como lingua minorizada 2.2. Actitudes e preconceptos sobre as linguas e sobre o galego
3. A planificación do corpus (I)	3.1. A lingua literaria 3.2. A lingua estándar e a variación lingüística
4. A planificación do corpus (II)	4.1. Relevancia do acordo normativo de 2003 4.2. Principais mudanzas
5. Escribir para falar	5.1. Texto oral e texto escrito. Características e diferenzas
6. Principais particularidades da lingua oral con repercusión no modelo culto de lingua	6.1. Fenómenos dialectais 6.2. Vulgarismos 6.3. Castelanismos 6.4. Pseudogaleguismos
7. O modelo de lingua culta do galego	7.1. O concepto de seguranza lingüística 7.2. A necesidade da diferença (exemplificación nalgúns fenómenos: colocación de pronomes persoais átonos e interpolación, CD sen "a"; construcións tipo "ler no libro"; infinitivo flexionado e futuro do subxuntivo)
8. Principais particularidades da lingua escrita (I)	8.1. Cuestións ortográficas 8.2. Cuestións morfolóxicas (nome, pronome e verbo)
9. Principais particularidades da lingua escrita (II)	9.1. Cuestións sintácticas (usos e valores pronominais; usos e valores verbais)
10. Tipoloxía discursiva	10.1. Textos escritos e textos orais formais 10.2. Linguaxes de especialidade

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	26	26
Presentación oral	1	5	6
Traballos tutelados	2	12	14
Sesión maxistral	12	12	24
Solución de problemas	4	10	14
Aprendizaxe colaborativa	6	10	16
Obradoiro	8	10	18
Análise de fontes documentais	8	16	24
Atención personalizada	8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	O estudiantado debe realizar unha serie de lecturas obligatorias para poder levar a cabo certas actividades propostas nas aulas (exercicios, debates, comentarios, recensións) e atinxir unha boa cualidade lingüística
Presentación oral	Durante o curso o alumnado terá que expor verbalmente, en interacción coa profesora, algúns dos seus traballos
Traballos tutelados	O/a estudiante deberá entregar un trabalho colectivo (máximo, 4 estudiantes por grupo), fixado pola profesora no inicio do curso. Con este trabalho preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e a colaboración entre os/as alumnos/as
Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en aulas fundamentalmente expositivas á volta dos conceptos básicos da materia, unhas aulas en que se utilizarán diversos textos de carácter teórico-práctico seleccionados específicamente para facilitar a análise e a comprensión dos contidos. Alén disto, nestas sesións coordinaranse actividades individuais ou grupais, resolveranse as dúbidas a respecto dos contidos propostos e achegarase bibliografía específica para cada tema
Solución de problemas	Nas sesións de grupo mediano traballarase con frecuencia esta técnica, que permite asentar os coñecementos adquiridos nas aulas maxistrais mediante a resolución de situacións problemáticas concretas
Aprendizaxe colaborativa	Baixo a coordinación da profesora, os estudiantes realizarán diversas actividades en conxunto, co obxectivo de partillaren información, coñecementos e destrezas que redunden en beneficio de todos os membros do grupo
Obradoiro	A combinación de diferentes modalidades formativas de carácter práctico (debates, probas de completar, mapas conceptuais etc.) permitirá ao alumnado desenvolver eficazmente tarefas relacionadas cos contidos da materia
Análise de fontes documentais	Para o correcto desenvolvimento das aulas, o alumno/a deberá acompañar as explicacións coa consulta de diferentes fontes bibliográficas e documentos audiovisuais indicados pola profesora ao longo do curso

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades a fin de obter unha orientación adecuada. Alén diso, o/a estudiante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvimento do trabalho, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Presentación oral	Un 10% da nota final valorará unha presentación oral do/a alumno orientada á demostración da súa competencia comunicativa, así como dos coñecementos e das destrezas adquiridas ao longo do cuadrimestre	10
Traballos tutelados	O trabalho tutelado corresponderase cun 20% da cualificación final da materia	20



Sesión maxistral	Os coñecementos atinxidos nas sesións maxistrais serán avaliados por medio dunha proba obxectiva que se levará a cabo nas aulas ao final do cuadri mestre e que suporá un 50% da nota final	50
Obradoiro	A recensión realizada como resultado dos obradoiros valorarase cun 20% da nota final	20

Observacións avaliación

Para a proba obxectiva facer media co resto das actividades debe estar cualificada cun mínimo de 4 puntos sobre 10.

Os/as alumnos/as que non superaren a materia en xaneiro deberán realizar en xullo unha proba escrita e entregar os traballos non presentados e/ou suspendidos.

O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co/coa profesor/a.

Considerarase non presentado na materia quen non realizar a proba escrita e/ou as actividades obligatorias propostas polo docente (recensión, traballo tutelado e exposición oral).

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades e traballos se estes foren entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

As actividades escritas deberán cumplir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006). Criterios para o uso da lingua. A Coruña. Universidade da Coruña- Vidal Barral, N. (coord.) (2005). Curso de actualización da lingua e linguaxe administrativa galegas. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública- Rico Verea, M. (coord.) (2007). Curso de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Dirección Xeral de Política Lingüística- Álvarez Blanco, R. / Xove, X. (2002). Gramática da lingua galega. Vigo. Galaxia- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe. Vigo. A Nosa Terra- Hermida Gulías, C. (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe). Santiago de Compostela. Sotelo Blanco- López Viñas, X. / Lourenço Módia, C. / Moreira Leirado, M. (2011). Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión. A Coruña. Baía Edicións- Pena, X. R. (coord.) (2004). Gran diccionario Cumio da lingua galega. Vigo. Edicións do Cumio- Pena, X. R. (coord.) (2005). Gran diccionario Século XXI da lingua galega. Vigo. Galaxia / Edicións do Cumio- Carballera Anllo, X. M. (2009). Gran Dicionario Xerais da Lingua. Vigo. Xerais- Wardhaugh, R. (1992). Introducción á sociolingüística. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia- Hermida, A. (2006). Manual de conxugación verbal da lingua galega. Vigo. Galaxia / Edicións do Cumio- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2005). Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego. Santiago de Compostela. ILG / RAG- González Rei, B. (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña. Galinova Editorial- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. Universidade da Coruña
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- ()..- Costas, H. (coord) (2010). 55 mentiras sobre a lingua galega. Santiago de Compostela. Laioveneto- Calvet, L.-J. (1998). A (socio)lingüística. Santiago de Compostela. Laioveneto- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996). Actitudes lingüísticas en Galicia. A Coruña. RAG- Iglesias Álvarez, A. (2002). Falar galego: ¿no veo por qué?. Vigo. Xerais- Mariño Paz, R. (1998). Historia da lingua galega. Santiago de Compostela. Sotelo Blanco- Monteagudo, H. (1999). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo. Galaxia- Freixeiro Mato, X. R. (2010). Lingua de calidad. Santiago de Compostela. Xerais- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela. Laioveneto- Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela. Laioveneto- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1994). Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña. RAG- Sanmartín Rei, G. (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e Planificación. Vigo. Xerais- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2003). O galego segundo a mocidade. A Coruña. RAG- Kabatek, J. (2000). Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual. Vigo. Xerais- García Negro, M. P. (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laioveneto- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995). Usos lingüísticos en Galicia. A Coruña. RAG
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías